

## Posición do pronome átono en construcións de infinitivo e xerundio\*

Rosario Álvarez

Universidade de Santiago de Compostela

### Resumo

O obxectivo desta contribución é describírmola posición que adopta o pronome átono en construcións de infinitivo e xerundio no galego moderno oral. Tratamos en primeiro lugar as oracións de infinitivo e xerundio, con predicados afirmativos ou negativos, integradas na unidade superior directamente ou por mediación dun nexo. Posteriormente, os complexos verbais de infinitivo e xerundio, distinguindo neles, dunha banda, as formacións propiamente perifrásticas das que supoñen unha organización bioracional ou polioracional; doutra, a forma da construción, separando as do tipo verbo + infinitivo e as de verbo + xerundio —basicamente coas mesmas posibilidades—, das do tipo verbo + nexo + infinitivo, pois estas ofrecen ó pronome un abano de posicións diferente. Nas construcións non perifrásticas detémonos unicamente na posición adoptada polo pronome complemento do predicado do infinitivo ou xerundio, pois o das formas finitas acompaña invariablemente a estas, no lugar determinado polas regras xerais.

**Palabras clave:** pronome átono, infinitivo, xerundio, perífrases verbais, posición.

### Abstract:

The aim of this article is to describe the position of the unstressed pronoun in infinitive and gerund constructions in modern spoken Galician. First, we are concerned with the infinitive and gerund sentences with affirmative or negative predicates, embedded within another unit of a superior level by means of a connector or without one. Then, we study the complex infinitive and gerund constructions. We make a distinction within them between those properly periphrastic, involving a bisentential or polisentential organization, and those of the type verb + infinitive / verb + gerund

---

\* Data de aceptación: outubro de 1996.

–which are very similar– and verb + connector + infinitive. In the case of the latter, the pronoun may occupy many different positions. Within the non-periphrastic constructions, we only pay attention to the position of the pronoun functioning as a complement within the predicate of that infinitive or gerund. In the case of the finite forms, the pronoun goes together with those forms in the position determined by the general grammatical rules.

**Key words:** unstressed pronouns, infinitive, gerund, verbal periphrastic constructions, position.

Ó falar da posición do pronome átono en galego cómpre tratar separadamente a que adopta en oracións de infinitivo e xerundio, posto que non sempre se comporta do mesmo xeito que coas restantes formas verbais. Vallan como mostra algúns exemplos probatorios dabondo: *e Antón sempre lle dicía o mesmo / \*e Antón sempre lle dicindo o mesmo*, fronte a *\*e Antón sempre dicíalle o mesmo / e Antón sempre dicíndolle o mesmo*; *Elisa non o quixo / ¡Mira que non o querer! / non o querendo*, pero *\*Elisa non quíxoo / ¡Mira que non quere! / non queréndo*. Ademais, nos complexos verbais en que se integran estas formas, estrictamente perifrásticos ou non, o pronome goza de certas liberdades de posición que non se dan coas formas simples nin coas perífrases con participio: *non o pode facer ~ non pode facelo*, *eu ben vin como se ían achegando ~ eu ben vin como ían achegándose*, *non lle hai que facer nada ~ non hai que lle facer nada ~ non hai que facerlle nada*, mais *non lle acorda que lle teño feito favores / \*non acórdalle..., \*que téñolle feito..., \*que teño féitolle favores*.

A seguir pretendemos describi-la posición que adopta o pronome átono nestes casos no galego moderno oral. Trataremos en primeiro lugar as oracións de infinitivo e xerundio, con predicados afirmativos ou negativos, integradas na unidade superior directamente ou por mediación dun nexo. Posteriormente, os complexos verbais de infinitivo e xerundio, distinguindo neles, dunha banda, as formacións propiamente perifrásticas —nas que o pronome complementa o complexo verbal—, das que supoñen unha organización bioracional ou polioracional; nestas últimas interézanos unicamente a posición adoptada polo pronome complemento do predicado do infinitivo ou xerundio, pois o das formas finitas acompaña invariablemente a estas, no lugar determinado polas regras xerais. Doutra banda, distinguímo-la forma da construción, separando as do tipo verbo + infinitivo e as de verbo + xerundio, das do tipo verbo + nexo + infinitivo, que ofrecen ó pronome un abano de posicións diferente.

A tradición gramatical galega neste terreo é escasa<sup>1</sup> e a descrición feita ata agora, que seguimos considerando basicamente correcta, agocha moitos comportamentos particulares

<sup>1</sup> Cfr. Álvarez 1980:504-572; Álvarez et aliii:199-204; Costa et aliii:100. Este traballo encádrase dentro do proxecto de investigación *Gramática descriptiva da lingua galega*, que se realiza no Instituto da Lingua Galega con subvención da DGICYT (1995-97).

e tendencias que tentaremos describir e poñer de manifesto. A descrición que segue baséase nun corpus (4.240 rexistros) obtido a través de textos orais de galegofalantes nunha rede de puntos que cobre todo o noso territorio lingüístico<sup>2</sup>; cremos que este é un esteo fundamental para asenta-la descrición do galego moderno, mais somos sabedores de que necesita ser completada cos resultados de estudia-lo galego escrito, do que nos ocuparemos noutro momento. Conscientes de que a descrición do galego actual adquire un valor e unha dimensión diferentes se a contemplamos á luz da súa historia, e por sabermos qué carta de natureza ten cada unha das opcións existentes na actualidade, estudiamos asemade qué posición adoptaba o pronome en galego medieval (Álvarez 1996b) e en qué medida son diverxentes os camiños seguidos polo galego e o portugués modernos (Álvarez 1996a contén parte dos resultados de investigación).

## 1. ORACIÓNS DE INFINITIVO

Para describi-la posición do pronome nestas oracións cómpre distinguir aquelas que se insiren na unidade superior mediante un nexo subordinante das que pola súa función non precisan dun nexo, ou alomenos non dun nexo desas características.

### 1.1. Oracións de infinitivo sen nexo subordinante

1.1.1. Nos predicados afirmativos é de regra a énclise ó verbo. O seu cumprimento afecta tamén, xeralmente, á posición nos membros posteriores de estruturas coordinadas en que no primeiro elemento o pronome ocupa outro lugar respecto dunha perífrase verbal ou dun infinitivo en diferentes circunstancias: *è entonces eu non sei, abíalle que dar de comèr è mais pajárlle* (Dubert: 160), *pra..., pra nos rir da Guardia Civil e rirnos de todos* (Quiroga: 280), *e pa eso non lles pegar nin nada e levalas sempre con cariño* (Babarro: 450). Así a todo, se ben moi minoritariamente e só dándose as condicións anteditas, é tamén posible a próclise ó infinitivo: *i-o resto era para comer e me vestir* (O Carballiño-OU). A énclise mantense aínda que ocorran no inicio do enunciado elementos que coas formas finitas provocarían invariablemente a próclise: *porque, siascaso, podíase vir carjado e cás' irse a pique* (Ríos: 230).

Advírtase que a presenza de nexos conxuntivos non subordinantes, que non se tratando do infinitivo tampouco condicionan a próclise, non altera a orde normal: *iou salir ca bicicleta salía pero soltala da man...* (Pousa: 216), *vai tomar aceite de bacalao e mais esa lavalas con viño* (O Irixo-OU), *mejor unha eixada, ou tiralos ó camín* (Paradaseca do Bierzo-LE). Tampouco ten repercusión que a oración estea substantivada: *tá mal el queimelos* (Fernández: 265), *ie foi aí o pórse a xente tan tonta por Balladares* (Pousa: 208), *penso que non está ben o perdelas* (O Carballiño-OU).

<sup>2</sup> O corpus está tomado das transcricións de gravacións inéditas pertencentes ó Arquivo Sonoro do ILG e de monografías, publicadas ou inéditas, que reproducen textos orais.

1.1.2. Nos predicados negativos, en cambio, o pronome admite dúas posicións. A máis frecuente na lingua actual é, sen dúbida, a énclise ó infinitivo, mesmo en falantes vellos, pero a próclise segue sendo posible, alomenos tras *non*: *è mellor non escoitala* (Dubert: 108), *e pa eso non lles pegar nin nada* (Babarro: 450). Con *nin* está tan xeneralizada a énclise que no noso corpus non atopamos mostras da outra opción, mais cremos que ademais de *rebertadiño que xa non balía nin moberme* (Pousa: 244), sería aceptable *nin me mover*; sen embargo, noutros casos, quizais a forza de repeti-la expresión dun xeito fixado, a próclise non é admisible: *as galletas nin falalo* (Arnoia-OU), *\*¡Ai, as galletas nin o falar!* A preferencia pola énclise mantense aínda en presenza doutros elementos coadxuvantes para a próclise: *inda non sólo molala* (Graña: 110).

Se o infinitivo está flexionado caben igualmente as dúas opcións, mais con distinta orde de preferencias. Os falantes consultados —no noso corpus non hai exemplos— manifestan preferencia pola próclise: *isto é tanto como non lles dares nada, é moi feo non lles irmos á voda*; pero todos eles aceptan en maior ou menor grao a énclise: *é moi feo non irmoslles á voda*.

Nos exemplos achegados non percibimos que a escolla estea determinada por razóns sintácticas nin pragmáticas, nin por ningún tipo de condicionante contextual. Podería argüírse, por exemplo, que a énclise do segundo *se* está condicionada pola do primeiro: *que non poden levantarse nin confesarse* (Cambados-PO); mais esa explicación queda anulada por enunciados coma o seguinte: *e mal descubri-lo, mal nono descubrir* (Quiroga: 295). O reducidísimo número de exemplos de próclise non permite establecermos relacións entre formas pronominais e preferencia por unha das posicións posibles, nin tirarmos conclusións sobre unha posible diversidade dialectal.

## 1.2. Oracións de infinitivo integradas por medio dunha preposición

1.2.1. Aínda que nestes casos a lingua medieval prefería claramente a próclise, na lingua oral actual a posición máis frecuente nos predicados afirmativos é a énclise. O galego comezou moi cedo a evolucionar cara á posposición do pronome, pois os textos da Idade Moderna mostran unha proporción semellante á actual<sup>3</sup>; na nosa opinión, este progresivo abandono da primitiva posición débese atribuír a unha evolución interna da lingua, que tende a fixar esta orde como a única normal para o pronome complemento das formas verbais infinitas en tódolos esquemas sintácticos en que aparecen.

Se ben non se pode afirmar que a posición proclítica sexa incompatible con ningunha preposición, o certo é que no corpus estudiado se advirte maior frecuencia con unhas ca con outras. No cadro que segue figuran os datos de próclise á esquerda da barra oblicua e os de énclise á súa dereita; nos totais figuran os números absolutos e mailo % de próclise:

<sup>3</sup> Na época medieval a énclise era pouco frecuente, aínda que non inexistente: *pera fazerlle aquela onrra que lle fazer podesse* (CT 412) (Álvarez 1996b). Nos textos dos Séculos Escuros, en cambio, a proporción de próclise xa é só do 10 %.

PREPOSICIÓN	ME	CHE	TE	o(s)	A(S)	LLE(S)	NOS	VOS	SE	TOTAL
A	-/8	-/2		-/39	-/24	-/41	-/15		1/18	1/147 (0,68%)
Ata				-/2	-/1	-/2			-/1	0/6 (0%)
Con	1/1			-/1	-/1					1/3 (25%)
De <sup>4</sup>	7/13		0/7	0/45	3/25	9/27	-/4	-/3	6/35	25/159 (13,59%)
En			-/1	1/4	-/1	-/3			1/4	2/13 (13,33%)
Ó	-/2	-/2		-/15	-/9	-/9	-/2		-/21	0/60 (0%)
Para	7/17	-/3	-/6	10/60	11/42	20/53	4/9		9/36	61/226 (21,25%)
Por	3/3		3/1	-/3	2/2	2/3	1/1	-/1	-/1	11/15 (42,31%)
Sen	-/4	1/-	-/1	2/1		2/4	-/5		3/8	8/23 (25,81%)
TOTAL	18/48 27,27%	1/7 12,50%	3/16 15,79%	13/170 7,10%	16/105 13,22%	33/142 18,86%	5/36 12,20%	0/4 0%	20/124 13,89%	109/652 14,32%

Se a estes datos lles engadímo-los das formas contractas e das secuencias de pronomes (1/22), a proporción é aínda máis desfavorable para a próclise, que baixa ó 14,03%.

A falta de datos no cadro anterior non quere dicir que as secuencias en cuestión sexan imposibles nin de dubidosa gramaticalidade, pois cónstano-la súa existencia na maior parte dos casos; trátase dun problema de frecuencias, indicador ó noso modo de ver de tendencias que hai na lingua. Así ocorre cando a preposición é *a*, que nos textos orais analizados se presenta con próclise nun só caso: *i-an bir a se presenta-los deudores* (Roux: 46); e mesmo non son raros exemplos coma o seguinte, onde o pronome do infinitivo rexido por *a* ocupa

<sup>4</sup> Baixo esta preposición agrúpanse os datos de moitas locucións prepositivas. O desglose dos mesmos é o seguinte:

PREPOSICIÓN	ME	CHE	TE	O(S)	A(S)	LLE(S)	NOS	VOS	SE	% PRÓCLISE
De	5 / 8		- / 5	- / 36	1 / 13	2 / 18	- / 3	- / 3	4 / 23	12 / 109
A poder de						1 / -				1 / 0
A punto de						- / 1			- / 1	0 / 2
Antes de	2 / 2		- / 2	- / 4	1 / 2	1 / 2			- / 7	4 / 19
Camiño de						- / 1				0 / 1
Co fin de					- / 1					0 / 1
Despois de				- / 4	- / 3	- / 1			1 / 1	1 / 9
En lugar de						- / 1				0 / 1
En vez de	- / 3			- / 1	1 / 5	5 / 3	- / 1		1 / -	7 / 13
Logo de					- / 1				- / 2	0 / 3
Preto de									- / 1	0 / 1
TOTAL	7 / 13	-	0 / 7	0 / 45	3 / 25	9 / 27	0 / 4	0 / 3	6 / 35	25 / 159

a posición enclítica a pesar de que o paralelismo debería influír a favor da próclise: *home, que te equivoques de me dar pemento dulce a dar-me pemento picante tamén pode ocorrer* (Ramirás-OU). Mais podemos afirmar que *a* só rexeita rotundamente ser seguida dos pronomes *o(s)* e *a(s)*: para calquera falante son posibles *e, veña, todos a lle dicir que calase* ou *e os nosos paiciños a nos face-las filloas*, pero non *\*xa foran antes dous ou tres a o chamar*, nin *\*a a chamar*. O mesmo ocorre co nexo *ó*: tan correcto é *o palleireiro rabeaba ó vernos no palleiro* (Taboada: 210), coma *ó nos ver no palleiro*, pero non son admisibles *\*ó o ver no palleiro*, nin *\*ó a ver no palleiro*.

Esta restricción non se pode atribuír só ó desexo de evita-la secuencia vocálica, pois *para* é unha das preposicións que con maior frecuencia aparece co pronome proclítico, calquera que sexa este, e non foxe máis de *o(s)* e *a(s)* ca doutros pronomes. Na nosa opinión débese atribuír ó desexo de evitar que *a* e *ó* desaparezan ou resulten pouco discretas na cadea pola vía da contracción fonética, pois comprobamos de xeito reiterado que o pronome salta a barreira morfolóxica á súa esquerda para entrar en combinacións coa preposición: así se resolven os encontros de *por* (*pola enterrar*, Roux: 42), a práctica totalidade dos encontros de *para* (*pró meteren na, na orca*, Roux: 26; *unhas apañanas pró río, prás lavar*, Castrelo do Val-OU) e os dos nexos rematados en *-n* (*e sóbrame a quen-a vender*, Begonte: 108). Ademais, as secuencias *a o facer* e *ó o facer* levarían indefectiblemente á pronuncia [ɔ fa'θer], que se confundirían entre si e con *ó facer*, construción moi frecuente e de significado distinto. Engádase que *o(s)* é o pronome máis reacio a situarse en posición proclítica (7,1%): para el a posición enclítica é moito máis segura, pois tralo /t/ final do infinitivo está garantido o inequívoco alomorfo /lo/. As formas femininas, que non presentan tantos inconvenientes fonéticos —pois en *a a facer* a contracción levaría a [a], distinto de [a]; e en *ó a facer* a secuencia [ɔa] non contrae ó se presentar nesa orde—, vense condicionadas nestes contextos polo comportamento das masculinas. Aínda que consideramos que a preferencia moderna pola éclise ten que ver co cambio xeral da orde de palabras que se produciu no paso da lingua medieval á moderna, cremos que a morfoloxía do pronome acusativo ten grande importancia nese proceso e que, tratándose dun dos pronomes máis frecuentes, contribúe ó abandono xeral da posición proclítica. A partir de determinados contextos en que estes riscos son reais, xeneralizaríase a posición posterior de tódolos pronomes máis aceleradamente ca con outras preposicións, mais sen chegar ó comportamento do portugués estándar que obriga a situar enclítico calquera pronome átono se a preposición é *a* (Álvarez 1996a).

Hai outras preposicións simples de moito uso que tamén se resisten á inclusión do pronome entre elas e o infinitivo. Das tres que rematan en nasal, no noso corpus só rexistramos certa abundancia de próclise tras *sen* (~ *sin*), pois *con* e *en* prefiren claramente a orde prep. + inf. + pronome. É posible que a infrecuencia no uso garde relación, tamén neste caso, cos problemas morfolóxicos da forma de acusativo P3: carecemos de datos gravados tras *sen*, *en* e *con*, mais os falantes de distintas zonas consultados afirman que din [sɛno fa'θer] e que tamén lles resulta aceptable [sɛno fa'θer]; en cambio, tras *en* e *con* todos coinciden en que, no caso improbable de poñeren o pronome antes do infinitivo, usarían

[ẽɲo fa'θer] e [koɲo fa'θer] (unicamente un responde que acaso puidera dicir *co facer*). Desde logo, é rexeitable a contracción *no(s)*, *na(s)*, que daría lugar a secuencias de ambigüidade insostible, pois *no facer* e *na facer* serían sempre interpretados como 'non o facer' e 'non a facer'. Tamén é descartable a pronuncia alveolar da nasal final de *con*, que daría lugar a expresións inaceptables pola súa homofonía con termos moi marcados do campo físico-sexual; ese problema non existiría se adoptase unha forma igual ou semellante á de prep. + art. (*co(s) facer*, *coa(s) facer*), mais isto non sería congruente coa morfoloxía pronominal. Os mesmos informantes non opoñen reserva ningunha á posición proclítica doutros pronomes, por iso resulta sorprendente este exemplo, un dos poucos de próclise tras *en* rexistrados por nós, contrario á que parece se-la práctica xeral (advírtase a énclise de *lles*): *non tardóu muto tempo en os descubri-lo demo i en saírlles de novo ó paso* (Poncelas: 209).

A escolla entre próclise e énclise non está determinada pola flexión do infinitivo, pois o número de ocorrencias é, na súa infrecuencia, similar: *en ver de a traermos pá casa deixámola alí cerca* (Guitiriz-LU), *o labrador nunca ten un momento para lle daren vacación* (Baiona-PO), *para andárene* (A Pobra do Caramiñal-CO), *ó acercárense os carnavales poise...* (Porto do Son-CO). Tampouco ten influencia a duplicación do complemento (pronominal e frase preposicional): *bamos comer nós antes de lle dar ós outros* (Graña: 121), *un cuchilo pa lle cortar a vostede as orellas* (Ramirás-OU); *antes de baterlle a calquera ten que mirirse ben* (Arnoia-OU), *unhos cuchillos pa cortarlle a osté as orellas* (Becerreá-LU). En cambio, si é determinante que entre a preposición e o infinitivo se interpoña algún sintagma, pois daquela é obrigada a énclise: *nós somos quen pra defendernos e pra, as nosas posturas, poñelas eí sobre o tapete* (Quiroga: 322), *e para cando morre un difunto poñerñe alí* (Cambados-PO), *despois da miña muller darlles o café* (Babarro: 438), *e sen case darme conta, vinme dentro do lago* (Vilanova de Arousa-PO), *lañar pra despois ajarralos [...]; de secarmos un día un pulpo pra despois asalo* (Ribeira-CO); só acepta situarse proclítico en casos, cada vez máis infrecuentes, de interpolación: *antes de me eu casar* (Rodeiro-PO)<sup>5</sup>.

Habendo máis dun pronome, é de regra que vaian xuntos, enclíticos ou proclíticos, pero a infrecuencia da anteposición é aínda máis acusada que coas formas simples (4,35%): *esperando que fósemos terminando os penallos, pra nolos queimar* (Graña: 133); *con todo aquel providencial botín pa entregárllelo a súa muller* (Poncelas: 138).

Aínda que a preferencia pola posición enclítica está xeneralizada, o mantemento da posición normal na lingua antiga constátase con máis frecuencia na metade sur de Galicia; con todo, non faltan exemplos procedentes do norte: *ganas de me escapar do camiño* (Moeche-CO), *tuven ansia de me levantar* (Coristanco-CO), *en vez de se facer unha*

<sup>5</sup> Mais tamén *antes de eu casarme* (Dubert: 139), *empezaron a cortar xestas pa nós quitarlle a piel* (Vilardébós-OU). En cántigas recollidas actualmente, mais non na linguaxe espontánea, cabe a interpolación entre pronome átono e infinitivo da frase preposicional que duplica na estrutura marcada a forma pronominal: *para m'a min contestare* (Schubarth: 85), *quero que garde a saliva / para me a min falar* (Lorenzo: 37).

*chaqueta, facíase...* (Mesía-CO), *por vos facer est'encargo* (Cospeito-LU), *pa se..., pa se deitar* (Guitiriz-LU).

1.2.2. Os predicados negativos deste tipo son os únicos esquemas en que segue sendo maioritaria a próclise. Na lingua espontánea o pronome sitúase preferentemente entre o adverbio *non* e o infinitivo (58.82 %), e parece definitivamente abandonada a posibilidade de situalo entre a preposición e o adverbio: *ou corría de máis ou me paraba pra non me topar con ela* (Ribadavia-OU), *è elas por nonos ber ou tal, escondíanse nunha abitación* (Dubert: 106), *porque xa o tiña de non se lavar nunca* (A Estrada-PO). A interpolación é constante no cancionero popular, en parte por se tratar de colectáneas non estrictamente contemporáneas, que acollen un modelo de lingua non actual, en parte por se tratar de discurso repetido, e con frecuencia repetido por informantes de moita idade; mais tamén aí se observa a tendencia ó seu abandono, como se pode observar comparando estas dúas versións da mesma cántiga procedentes de lugares moi próximos: *O crego vendeu a besta / por lle non dala cebada* (Lorenzo: 116), *o cura vendeu a burra / por non lle da-la cebada* (Salvaterra de Miño-PO). De considerarmos conxuntamente os datos da lingua ordinaria e os procedentes de cántigas populares, a porcentaxe total de próclise no noso corpus chega ó 72 % (24 % con interpolación do adverbio e 48 % da outra posición). Por tanto, hai tres ordes en causa actualmente: a constante no cancionero, resto evidente da gramática antiga e en trance de desaparición; a predominante na lingua falada, na que xa se percibe o cambio do pronome á esfera de atracción do verbo; e a que se anuncia como mostra da tendencia xeral a fixar como única posición do pronome a énclice ó infinitivo.

### 1.3. Oracións de infinitivo integradas por un relativo, interrogativo-exclamativo ou unha conxunción

O dito sobre as preposicións é extensible ós pronomes interrogativo-exclamativos e a outros nexos que poden integrar unha oración de infinitivo subordinada: os relativos, sobre todo introdutores de oracións con función substantiva, e a conxunción completiva *se*. Dado que con todos eles é tamén posible a énclice, no cadro que segue consignamos unicamente aqueles casos en que, segundo o noso corpus ou a nosa competencia lingüística —contrastada coa doutros falantes—, é correcta e relativamente frecuente a próclise:

CAL	E daqueles, ¿cal lles regalar ós netos? Non dubidaba en cal lles ofrecer primeiro.
COMO	Eu non sabía como me poñer. Non sabía como me poñer (Cambados-PO).
ONDE	e non temos donde lle poñer nada (Triacastela-LU). tendes cine, tendes discoteca, tendes onde vos divertir onde queirades (Arnoia-OU).
CANDO	Non sabe cando volo dicir.
CANTO	Aínda non decidiu canto lles pedir polo piso.
QUE (subst.)	tedes ben con que lles pagare! (Fernández: 267). e se non se colle, non hai que lle facer (Lalín-PO).

- Que non teño que lle facer (A Fonsagrada-LU).  
se non teís que lle tirar, tráhat' a ti (Roux: 82).
- QUE (adx.) -Sí, pero tú non teís vacas que lles botar herba, ía éu sí (Fernández: 264).  
Pois non teño outro consello que che dar (Roux: 83).  
Esí que polo tanto, meu fillo, non teño máis que che decir (Cotobade-PO).
- QUEN e sóbrame a quen-a vender (Graña: 108).  
alí xa non hai naide a quen lle vender nada (Guitiriz-LU).  
eu non tiña con quen me divertir (O Carballiño-OU).  
e hai menos a quen o dar (Poncelas: 161).
- SE eu non sei si che lebar-o pan á aira (Roux: 28).

Tralos nexos comparativos, a posición normal do pronome é a énclise, a única que rexistramos no noso corpus:

- CA se se dera cosechado algo, mellor ca compralo era (Lalín-PO).  
el non tuvo máis recursos ca baterse de bruzos (Coristanco-CO).  
non teís mais cá curarlli a estes tres libros (Roux: 34).  
porque non nos facía máis ca falarnos dos mortos (Moraña-PO).
- COMA Nunca é tan duro oírelo contar coma vivírelo.  
Custa tanto amañar unha casa vella coma facela nova.
- COMO Muller, iso é tanto como pedirlle que o dea de balde.
- DO QUE É máis fácil pensalo do que facelo
- QUE cubríanos más comprallas feitas que faellas (Babarro: 514).  
non queda máis que facer que da(r)lles úa boa bebiceilla (Fernández: 265).  
non me quedou más remedio que botarme polas feiras (Noia-CO).  
non me quedou máis remedio que dedicarme a todo (Noia-CO).

Na maior parte dos exemplos expostos, preséntansenos dúbidas sobre a aceptabilidade da próclise: *?mellor ca o comprar era*, *?coma a facer nova*, *?non me quedou máis remedio que me botar polas feiras*, *?do que o facer*, *?máis recursos ca se bater de bruzos*. En estruturas de relevo en que se usan o esquema e o nexo comparativos, unha secuencia como *non tiñas máis que chamarme* pódese entender como 'só tiñas que chamarme, non tiñas senón chamarme' ou como 'non tiñas outra cousa que chamarme, non che quedou nada por chamarme', mentres que a *non tiñas máis que me chamar* atribúeselle preferentemente o segundo significado. Este é un tema que precisa dun tratamento máis demorado e con outras vías complementarias para achegar datos fiables sobre os que basearmos unha descrición máis completa e precisa, e sobre el volveremos cando esteamos en disposición de a poder facer.

Lémbrese que outros nexos non subordinantes, que tamén poden introducir oracións de infinitivo, non provocan a anteposición do pronome (§ 1.1.). Tampouco admiten a próclise o *como* "exemplificador": *cousas así de primeira necesidá, como pedirllas vez pó médico* (O Carballiño-OU); nin *que* en construcións modalizadoras como *¡Mira que comelo!*

## 2. ORACIÓNS DE XERUNDIO

O pronome átono segue obrigatoriamente ó xerundio cando este é o núcleo do predicado afirmativo dunha oración que se integra na principal sen ningún elemento de relación, sen que lle afecten condicións que coas formas verbais finitas provocarían a súa dislocación: *e inda traéndoa e todo non llo crían* (Quiroga: 287), *e todo o mundo ríndose, e fixándose pra nós e no-nos conoía* (Vilardebós-OU), *botándolle ben nitramón [...], a pataca medra* (Mañón-CO), *entendían varias palabras tamén, claro, falándolle o gallego claro* (A Guarda-PO), *e saliu tras de nosoutros como queréndonos comer* (Castro de Rei-LU).

Nos predicados negativos son posibles tanto a énclise coma a anteposición do pronome á forma verbal, mais a lingua actual aínda prefere a segunda: *y él non se fiando qu'èo fòse al médico mandóu el chófer comigo* (Muñiz: 477).

A construción *en + xerundio* é realmente infrecuente en galego e no noso corpus non hai exemplos, o que non nos impide constatar que *en che chegando a vez...* resulta máis normal ca *en chegádoche a vez*, sendo ambas aceptables; en cambio, se o predicado é negativo a énclise é de dubidosa gramaticalidade, *en non che chegando, ?en non chegádoche*.

## 3. COMPLEXOS VERBAIS: VERBO + INFINITIVO

Para unha correcta análise e exposición dos datos, cómpre distinguirmos dúas posibilidades: que o pronome sexa complemento dunha perífrase verbal ou que, nun esquema bioracional, sexa complemento da oración de infinitivo. Non teremos en conta a terceira possibilidade —isto é, que nese esquema bioracional o pronome complemente o verbo principal—, pois en tal caso sitúase obrigatoriamente onda o núcleo do seu predicado, enclítico ou proclítico de acordo coas regras xerais.

### 3.1. Perífrases verbais

En termos xerais, o pronome pode ocupa-la posición que lle corresponda onda o verbo auxiliar de acordo coas regras xerais ou a enclítica ó verbo constructor. Así, en condicións en que cunha forma simple debe adopta-la posición normal, atopamos tanto a énclise ó auxiliar (*aí, señor cura, debíanos mandar algo*, Baleira-LU), coma a énclise ó auxiliado (*muller, debes perdonarme*, A Estrada-PO); e en condicións de posición marcada, son correctas tanto a próclise ó auxiliar (*creo que se debera quitar*, A Pastoriza-LU), coma a énclise ó auxiliado (*que era o que debería facerse*, Ferreira de Valadouro-LU).

A menos usada de tódalas opcións posibles é a énclise ó infinitivo, mais cómpre ter en conta que na lingua antiga era de regra que o pronome se situase onda o auxiliar (Álvarez 1996b); obsérvase tamén que o galego moderno non avanzou nesta tendencia tanto coma o portugués e que non tódalas perífrases trasladan por igual o pronome cara ó verbo constructor. O cadro que segue reflicte as preferencias por unha ou outra posicións cando o verbo auxiliar está en forma finita:

	PRÓCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE INFINITIVO
ACOSTUMAR	100 % (1 ex.)	—	—
DEBER	34,78 % (8 exs.)	26,09 % (6 exs.)	39,13 % (9 exs.)
HABER	42,11 % (40 exs.)	53,68 % (51 exs.)	4,21 % (4 exs.)
IR	45,45 % (125 exs.)	46,91 % (129 exs.)	7,64 % (21 exs.)
LOGRAR	—	100 % (2 exs.)	—
PODER	67,79 % (202 exs.)	14,76 % (44 exs.)	17,45 % (52 exs.)
SOER	22,22 % (2 exs.)	33,33 % (3 exs.)	44,44 % (4 exs.)
VIR	100 % (2 exs.)	—	—
VOLVER	7,89 % (3 exs.)	76,32 % (29 exs.)	15,79 % (6 exs.)
TOTAL	51,55 % (383 exs.)	35,53 % (264 exs.)	
	87,08 % (647 exs.)		12,92% (96 exs.)

Non son significativos os datos de *soer*, pois ó seu escaso número engádesse que sempre recollemos *soler*, as máis das veces incluso con morfoloxía castelá.

No cadro advírtese a distancia entre a perífrase de *deber* e as restantes na asunción da énclice ó verbo constructor. Esta perífrase pode ter significado obrigativo ou de probabilidade; aínda que en tódolos exemplos de énclice ó infinitivo recollidos no noso corpus ten o primeiro, non cremos que a posición estea determinada polo valor da perífrase: *pois penso que te debe comer [...]. Debe comerte* (Poncelas: 119), *teu pai tamén o debía dominar ben* (Boborás-OU) ou *teu pai tamén debía dominalo ben*. No extremo contrario están as perífrases con *haber* e *ir*, de uso moi frecuente e cun nivel baixísimo de énclice; o termo medio entre as máis documentadas establéceno as perífrases con *poder* e *volver*, con porcentaxes de énclice bastante baixas. Apréciase unha concentración relativamente alta de datos de énclice ó infinitivo no galego máis oriental, maior canto máis nos afastamos da fronteira administrativa e, en calquera caso, sempre con índices superiores, verbo a verbo, ás medias reflectidas no cadro precedente.

É de regra a posposición do pronome ó infinitivo na construción *veña* + infinitivo, onde non se pode falar propiamente nin de perífrase nin de dependencia da forma infinita á finita; *veña* está desprovisto das súas características verbais para funcionar como un adverbio, que engade ó significado do infinitivo a idea da repetición insistente: *E a María vella veña fretar, fretar, fretarlle no peito* (Baleira-LU), *i ela deuse en rir sin parar, e veña rirse* (Triacastela-LU); *e cando chega a época segalo, e veña levalo á eira, e mallalo e nada máis* (Rodeiro-PO).

A eventual separación entre os dous membros da perífrase provoca a énclice ó verbo constructor: *pra que non fosen, se cuadra tirars' a ela* (Roux: 112), *non podía, el hombre,*

*facelo coa dereita del* (Ferreira de Valadouro-LU), *poderá, vamos, respetarse tres ou catro meses* (Dubert: 90), *e que podían por exemplo formarse con Belgrado ou coma os alemáns* (Arnoia-OU). Pódese manter onda o auxiliar se o elemento intercalado é o pronome suxeito ou adverbios aspectivos coma *xa* e *aínda*: *non me podo xa sentar ònha mesa* (Quiroga: 326), *¿como lles pode el poñer respecto?*; pero *\*pódeno, ata que vostedes queiran, agardar aquí*. Se o infinitivo está negado —o que sempre pode acontecer nas construcións modais: *non podo facer iso*, distinto de *podo non facer iso*—, os complementos da forma infinita sitúanse normalmente onda esta (e de acordo con § 1.1.2.): *sempre pode non cho volver* ou *sempre pode non volvercho*; é menos frecuente, e resulta menos natural, a posición onda o auxiliar adoptada en *o que queres dicir é que mo poden non dar* (Monterrei-OU), *pode ocorrer que mas poidan non dar* (Ramirás-OU).

Cando hai máis dun pronome, estes adoitan ir xuntos. Con todo, dialectalmente, no galego da estrema nororiental (Asturias, norte de León e leste de Lugo limítrofe con ambos) é posible a súa separación, incluso a dos integrantes das formas contractas: *non, aínda non están ben estudados os datos, e non che podemos dalo* (A Fonsagrada-LU), *heiche lelo e heiche mercado* (A Fonsagrada-LU). No resto do territorio practícase a separación moi raramente, e só como recurso para facer compatible no mesmo grupo verbal o pronome *se* e o pronome acusativo de P3, que nunca poden formar secuencia (Álvarez 1994: 250-251): *e despois entón volvíase outra vez tascalo* (Celanova-OU); ou cando un deles é o complemento de solidariedade —que se sitúa adoito onda o auxiliar—, o que nalgúns casos permite evitar secuencias idénticas de pronomes sen renunciar á expresión íntegra da mensaxe: *non che pode dicirlle nada a seu pai, non che pode dicirche nada*.

A inversión dos membros da perífrase, tan frecuente na lingua antiga, non se practica espontaneamente na lingua actual. Os únicos exemplos que se poden achegar proceden de cántigas, e neles o pronome antecede o infinitivo: *¿para qué dar soledades / á quen che falar non pode?* (Pérez: III, 166).

Se o verbo auxiliar está en infinitivo, as regras aplicables resultan da combinatoria do dito ata agora para verbo + infinitivo e para as oracións de infinitivo en §§ 1.1., 1.2. e 1.3.: *e despois volvelo mazar e remazalo* (Celanova-OU), *e despois bolber buscala* (Alonso: 510); *non saber diferencialla* (Babarro: 507), *e non a saber diferenciar*; *i os vellos pró poder cobrar* (A Mezquita-OU), *ou o misterio ese de podela sacar pa fóra* (Moeche-CO), *en perfectas condicións pa poder recibilo* (A Guarda-PO). Se o auxiliar está en xerundio, as regras de posición resultan de limita-lo dito a propósito de verbo + infinitivo en construcións perifrásticas co descrito en § 2 para oracións de xerundio: *aínda podéndollo facer, aínda podendo facerllo; non llo podendo facer, non podendo facerllo, non podéndollo facer*.

### 3.2. Construcións non perifrásticas

Sendo un esquema bioracional, sería de esperar que o pronome complemento do infinitivo se situase obrigatoriamente onda el, tal e como se describiu en § 1.1. Esa é, en efecto, a posición normal na maior parte das oracións de infinitivo, mais non ocorre así nas

construccións con verbos auxiliares, con verbos de percepción e con algúns verbos de movemento (auxiliares perifrásticos tratados na alínea anterior), pois nelas o pronome complemento do infinitivo vai xeralmente acompañando o verbo principal, coas mesmas regras descritas para as perífrases verbais (§ 3.1).

A seguir estudiarémo-la posición adoptada nas construcións que admiten o desprazamento do pronome complemento do infinitivo á esfera do auxiliar. Ocorre isto, alomenos, cos verbos seguintes, segundo puidemos documentar no noso corpus:

DEIXAR	que os paraguas deixábanos pasar a auga (Vilardebós-OU)
FACER	Fíxena tirar e logo levanteina nova (Pontevedra-PO).
IR	Tiña amistá coas monxas do asilo porque lle iba cantar alí (O Carballiño-OU). Túrnanse e vana limpar (Maside-OU).
MANDAR	de osipla mal, mandala cortar cunha corda de esparto (Celanova-OU).
MARCHAR	Marchoulle ensinar da habitación ó señor obispo (O Incio-LU).
NECESITAR	Pa algunha cousa necesitáballe dar coa outra mau (Ferreira de Valadouro-LU).
OÍR	Eso teño oído decir (Moeche-CO).
ORDENAR	Ordenáronos casar; o casamento deles (Roux: 131).
PENSAR	Non cho penso repetir (Pontevedra-PO).
QUERER	Pois o pueblo non a quixo enterrar no cemeterio (Vilar de Barrio-OU). E quería-me da-la lata (Bóveda-LU).
SABER	Meu primo non lle dá ben, que non a sabe cadrar (Cerceda-CO). Pero os galegos sabíanlle contestar tamén (A Guarda-PO).
TENTAR	E téntalo pasar ben (Maside-OU).
VER	I-eso xa non o vexo lovar a nadie (A Pastoriza-LU). Eso vinos subastar eu alí, parexas de bois (Moraña-PO).
VIR	Porque me viñeron buscar (Rianxo-CO). Véñolle traer unha colcha máis (O Incio-LU).

Nalgúns casos o número de ocorrencias é moi pequeno, polo que se puidera tratar de solucións esporádicas que non fan regra<sup>6</sup>; doutra banda, iso permítenos pensar que a relación podería ampliarse cun corpus máis amplo.

No establecemento das frecuencias con que o galego moderno opta entre as tres posicións teremos en conta só as construcións que aparecen máis amplamente documentadas; e delas só os rexistros que presentan contigüidade entre os núcleos dos dous predicados, o verbo principal en forma finita e sen complementos cos que se poida agrupar o pronome complemento do infinitivo:

<sup>6</sup> Na lingua antiga non tódolos verbos do cadro precedente se comportaban deste xeito (Álvarez 1996b).

	PRÓCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE INFINITIVO
IR	18,75 % (27 exs.)	63,89 % (92 exs.)	17,36 % (25 exs.)
QUERER	48,80 % (81 exs.)	34,33 % (57 exs.)	16,87% (28 exs.)
SABER	44% (11 exs.)	20 % (5 exs.)	36 % (9 exs.)
VIR	27,66 % (13 exs.)	57,45 % (27 exs.)	14,89 % (7 exs.)
TOTAL	34,56 % (132 exs.)	47,38 % (181 exs.)	18,06 % (69 exs.)
	81,94 % (382 exc.)		

Cotexando estes datos cos do apartado precedente, apréciase que o pronome se sitúa na órbita do infinitivo con maior frecuencia nestas construcións ca naquelas; interesa salientar que as proporcións de énclice con *ir* e *vir* non perifrásticos son superiores ás das correspondentes perífrases, e aseméllanse máis ás das perífrases con *poder* e *volver*, próximas á media. Estas construcións xa mostraban na lingua lingua un comportamento semellante ó das formacións perifrásticas (Álvarez 1996b), e ó que parece evolucionaron coma aquelas; a tendencia do galego moderno a transferi-lo pronome á esfera do verbo constructor é, con todo, menos acusada cá do portugués coetáneo.

O afastamento entre os dous núcleos verbais favorece a identificación e delimitación dos dous predicados, e por conseguinte o mantemento do pronome onda o infinitivo. Así ocorre na práctica totalidade dos casos: *foi a criada do señor cura confesarse* (Trabada-LU), *pois xa vou logo comelas* (Becerreá-LU), *inda quiso o sapo Afonso darlle unha última leición* (Poncelas: 124), *que biñan uns portuheses traernos pan* (Pousa: 229), *e equí vén unha mullere matalo* (Zas-CO). Pero tampouco nesta ocasión impide que —en condicións semellantes ás descritas en § 3.1.— o pronome se poida situar onda o primeiro verbo, incluso con interpolación do suxeito: *cando me eu fun daquela deitar, xa chovía un pouco* (Guitiriz-LU), *que loho boute iou esperar á noite* (Pousa: 247).

Os pronomes dependentes dun verbo deben situarse xuntos. Con todo, na área dialectal a que nos referimos máis arriba (§ 3.1) tamén se poden disgregar nestas construcións, mantendo un complemento do infinitivo onda o núcleo do seu predicado e situando o outro xunto ó verbo principal: *e despóis dixeny' eu a ela que nón, que nun ye quiría quitálo* (Alonso: 509). No resto do territorio a práctica é case a contraria, pois a posibilidade de agrupa-los pronomes favorece arreo a concentración onda o verbo principal dos complementos dos dous predicados: son habituais secuencias coma *xa non cho deixaba meter na boca* (Graña: 97), *quixera que ma deixara decir a min* (O Incio-LU), *¿quen mo mandou contar?* (Babarro: 549), *chegaban da misa, faciámollo quitar* (Dubert: 92), *eu oíallelo decir a meus bisavós* (Mesía-CO), *sentiallo decir* (Coristanco-CO); no galego común tamén son posibles estoutas secuencias, se ben con menor frecuencia cás anteriores e cá que teñen no galego oriental: *tanto lles peleón que lle deixeron facé-las* (Fernández: 268), *ben sabes que che mandei facé-la* (Fernández: 262), *¿quen me mandou contalo?* (A Fonsagrada-LU). Con *facere*, a liberdade de separación dos dous pronomes circunscríbese á zona indicada; fóra dela, *faciámosslo*

*quitar* pode interpretarse como ‘faciamos que alguén llo quitase’ ou como ‘faciamos que ela mesma o quitase’, en tanto que *faciámoslle quitalo* —salvado o inusual da orde— interprétase unicamente co primeiro significado; fóra da zona indicada tampouco se dá a separación dos complementos cos verbos de percepción, do tipo *eu sentíalles dicilo a eles*<sup>7</sup>.

En galego é imposible unha secuencia de pronomes iguais, aínda que estean motivados polas respectivas complementacións dos dous verbos en xogo. Un dos xeitos de resolve-lo problema é omitir un deles e situa-lo outro onda o verbo principal: *pois déixame quentare* (Taboada: 180) ‘déixame a min quentarme’; *non me deixaban levantar hasta que estaban os recos mortos* (O Barco-OU), *fixonos levantar máis de prisa da cama* (Guitiriz-LU), *déixate estar, non cruces* (Porto do Son-CO). Repárese especialmente nestoutro exemplo, ó noso xuízo probatorio de que se deben da-las condicións antes descritas: *pois se vas buscar unha pita déixote quentare* (Taboada: 178); a presenza do acusativo en *déixote* fai inacceptable \**déixote quentarte*, pero se se empregase o dativo sería preferible *déixoche quentarte a déixoche quentar*. Aínda que na maior parte dos casos está implicado un pronome reflexivo<sup>8</sup>, esta non é condición indispensable: *e tocóuye cayer a Xuquina no pico da cabeza, e rompiny’a cabeza* (Alonso: 515), isto é ‘e tocoulle caerlle a Xoaquina’.

O pronome *se* que indica a indeterminación do axente do conxunto acompaña adoito o verbo principal: *a casa de Curros Enríquez quérese transformar nun museo* (Celanova-OU), *aora baise xogar ó fútbol* (Graña: 103); nunha orde como *a casa de Curros Enríquez quere transformarse nun museo* entenderíase que hai un suxeito expreso (*a casa de Curros*) e que *se* é pronome reflexivo (*transformarse*). Tamén acompaña o verbo principal o complemento de solidariedade: en *ela non che quere ir polos cartos* (Ames-CO), *che* pode interpretarse como CS de todo o enunciado —que é o valor que ten no texto— ou como complemento de *ir*, mentres que en *ela non quere irche polos cartos* a primeira interpretación é imposible.

Se o verbo principal é tamén un infinitivo, a posición do pronome regúlase polo dito ata agora para verbo + infinitivo en construcións non perifrásticas e mais para as oracións de infinitivo en §§ 1.1., 1.2. e 1.3.: *non ch’ é un enredo vilo vender á Cruña a remos* (Ríos: 230); *gústayes ir buscalo* (Muñiz: 479); *chegou a hora de se ir acostar* (A Mezquita-OU), *estou chea de oílo cantar, eso* (Lousame-CO), *non tuveche prisa pra dir facerme ‘l suco eilí* (Fernández: 266); *e non querer enterarse* (Arnoia-OU), *non quererse enteirar, non se querer enteirar*. Sendo o verbo principal un xerundio, as regras aplicables resultan de limita-lo dito para verbo + infinitivo en construcións non perifrásticas co establecido en § 2 para

<sup>7</sup> Aínda que non é usual, nin parece sintacticamente correcto, non faltan exemplos en que os pronomes, tras ser situados onda o verbo principal, aparecen repetidos enclíticos ó infinitivo: *pero a burra quérecha lebala polo rego* (Graña: 107), *la’quel mozo tiña moza, ía éla, como lle gustaba, quiríalle quitelli’a outra* (Fernández: 270).

<sup>8</sup> Un dos casos frecuentes dáse co pronome reflexivo que acompaña a *deixar* en construción con infinitivo para indicar que o suxeito consente sobre si mesmo a acción dun axente indeterminado: *Ela, deica adiante, por medo das ameazas do bruxo, deixábase chupa-lo dido todo-los días* (Poncelas: 193), *deixóuse convencer pola labia e pola sagaciddá da ovella* (Poncelas: 112).

as oracións de xerundio: *queréndollo dicir, querendo dicirllo; non llo querendo dicir, non querendo dicirllo, non queréndollo dicir*. Se o verbo principal é unha perífrase de participio, o pronome, de compañía-la perífrase, só pode situarse onda o auxiliar: *eso téño oído dicir* (Moeche-CO), *a min teinme vido buscar moitas veces* (Babarro: 515).

#### 4. COMPLEXOS VERBAIS: VERBO + XERUNDIO

Coma no caso do infinitivo, cómpre distinguir dúas posibilidades: que o verbo e o xerundio integren unha perífrase verbal ou que esteamos diante de dous predicados, coas respectivas complementacións.

##### 4.1. Perífrases verbais

Nas perífrases con xerundio o comportamento é semellante ó descrito para as perífrases con infinitivo. Nelas, o pronome pode anteceder ó auxiliar ou seguir ó xerundio en contextos nos que iría obrigatoriamente proclítico se a forma verbal finita fose simple: *seique a estades crucificando* (A Pobra do Caramiñal-CO), *que me andan persehindo tres flaires* (Roux: 112), *¿non che estou contando?* (Póboa de Trives-OU), *xa me iba incomodando* (Baleira-LU); *porque eso de que estean dicíndolle á porta: «Ran Ran Ran Ran»* (O Irixo-OU), *a plaga esta dos prados que está presentándose* (Guntín-LU); e, non se dando as condicións xerais para a próclise, pode situarse enclítico ó verbo auxiliar ou ó xerundio: *i el andáballe tratando sempre no conto* (Roux: 78), *entón a poda e a rodriga vouna faguendo* (Arnoia-OU); *anduveron buscádoa* (Poncelas: 171); *e aquí, ibas collendo pouco millo, ibas coméndo* (Dubert: 100).

Na lingua antiga o pronome situábase de regra onda o verbo auxiliar. O seu traslado á énclise ó verbo constructor deuse en proporcións semellantes á que tivo lugar nas construcións con infinitivo<sup>9</sup>.

	PRÓCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE INFINITIVO
ACABAR	—	—	100 % (2 exs.)
ANDAR	42,86 % (6 exs.)	42,86 % (6 exs.)	14,28 % (2 exs.)
CONTINUAR	—	—	100 % (1 ex.)
ESTAR	32,32 % (32 exs.)	60,61 % (60 exs.)	7,07 % (7 exs.)
IR	22,22 % (32 exs.)	72,22 % (104 exs.)	5,56 % (8 exs.)
SEGUIR	46,67 % (7 exs.)	40 % (6 exs.)	13,33 % (2 exs.)
VIR	5,55 % (1 ex.)	77,78 % (14 exs.)	16,67 % (3 exs.)
TOTAL	26,62 % (78 exs.)	64,85 % (190 exs.)	8,53 % (25 exs.)
	91,47 % (268 exs.)		

<sup>9</sup> Merece ser salientado este dato, pois o portugués, que nas construcións con infinitivo presenta unha tendencia á énclise ó verbo constructor moito máis acusada có galego, non adoita practicala co xerundio en circunstancias semellantes (Álvarez 1996b).

As porcentaxes do cadro precedente establecéronse sobre exemplos nos que hai contigüidade entre as dúas formas verbais, pois a distancia, como xa vimos ó falarmos das construcións con infinitivo, favorece a énclise ó verbo semanticamente máis forte: *síguese-un balendo delas* (Quiroga: 336); *que taban os guindiyas esperándonos al son d'un zarro* (Alonso: 513), *que un día taba o can de Roldán relambéndose e revolcándose alí á porta da casa* (Babarro: 411). Excepcionalmente, a intercalación dun sintagma entre auxiliar e auxiliado pode provoca-la próclise do pronome ó xerundio, como ocorre no exemplo seguinte, único no noso corpus: *chegabamos alí a xente xa estaba toda nos esperando nunha eira onde se mallaba o centeo* (Maside-OU). En cambio, a coordinación de dous ou máis predicados con cadansúa complementación pode propiciar que os respectivos pronomes prefiran colocarse sempre tralo xerundio: *tódalas horas ten que estar lavándoos, vestíndoos, facéndolles de comer* (A Laracha-CO).

O pronome complemento de solidariedade vai adoito co verbo auxiliar, o mesmo ca nas construcións con infinitivo: *estach' un morrendo e 'stache aprendendo* (Graña: 108); *jai, estoulle morrendo querida! estoulle morrendo* (Roux: 80), *sómoslle nós que ll'èstamos facendo uso do santo matrimonio* (Quiroga: 310). Esta é tamén a posición que ocupa adoito o *se* de indeterminación do axente, con rarísimos casos de excepción: *porque se está falando para un aparato* (O Carballiño-OU), *coa cinza que se iba seleccionando* (Babarro: 409), *e despois íbase collendo a medida que se iba gastando* (Ourense-OU), *que se vai alando asta chegar ó cope* (Cambados-PO), *andúbose sehando e aora...* (Graña: 120); *con eso da raspita que veu botándose por baixo* (Cambados-PO).

As construcións con xerundio non aceptan a separación dos dous pronomes descrita para o nordés do territorio nas de infinitivo: *estaba el tocándo[y]as* (Roux: 75), *e vaiselle tocando así co dedo* (Babarro: 444), *andábanllo buscando* (A Fonsagrada-LU), pero \**andábanlle buscándoo*.

Cando o auxiliar está en infinitivo non se advirte variación nas preferencias por unha ou outra posicións: *e despois írllle dando sulfate [...] e seguírllle dando sulfate* (Carballada de Avia-OU), *e entonces íla lendo* (Ferreira de Valadouro-LU), *inda nos dá con que... ir sostenéndonos* (Ribadavia-OU). Aínda que carecemos de exemplos no noso corpus, cremos que se podería afirma-lo mesmo para cando o auxiliar está en xerundio.

#### 4.2. Construcións non perifrásticas

É unha situación pouco frecuente, polo que non demos reunido rexistros abondos que nos permitan establecer porcentaxes significativas nin, polo tanto, definir tendencias claras.

O pronome sitúase naturalmente enclítico ó xerundio, aínda que este sexa núcleo dun predicado dependente dalgúns dos verbos de movemento tratados como auxiliares no apartado anterior ou doutros verbos que, pola súa construción ou significado, poderían ser asimilados a algún daqueles: *dende alí asta casa foe ríndose de min* (Eilao-AS), *xa beron cuntándol xa tod' à cordillera pa riba* (Santamarina: 317). Como xa sinalamos noutros casos, a distancia entre os dous verbos favorece esta posición: *e iban de a cabalo pola parroquia*

*adiante dándolle os vivas á xente (Padrón-CO), que ò mellor biñan os mozor dèlas mirmas cantándoas (Dubert: 106).*

Por tanto, interesa sobre todo indica-los casos en que o pronome complemento do xerundio se pode situar a carón do verbo principal. Ocorre iso, alomenos, cos verbos seguintes:

IR	I-así beleí tes, baios persehindo (Graña: 127). Íbache trembando i con ganas abondas de chegar (Eilao-AS).
QUEDAR	encuanto ll'eu quedo tornando a auga ó moíño (Sánchez: 578). Quedábana facendo cuando eu me viñen delí (Pobra de Brollón-LU).
VIR	e véñse, véñse rezando o rosario e inda é un cachiño de carretera (Maside-OU).

## 5. COMPLEXOS VERBAIS: VERBO + NEXO + INFINITIVO

Tratámoslos separadamente porque a presenza de *que* ou dunha preposición amplían as opcións de posición do pronome, consonte o descrito en §§ 1.2 e 1.3.

### 5.1. Perífrases verbais

O pronome complemento destas perífrases verbais, en congruencia con tódolos comportamentos descritos ata agora, pode situarse ou ben no lugar correspondente onda o verbo principal, ou ben enclítico ou proclítico ó infinitivo, xa que hai unha forma que, alomenos inicialmente, funcionou como nexo. Estas son as porcentaxes de preferencia por cada posición a partir dos datos achegados polas perífrases rexistradas con maior abundancia:

	PRÓCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE AUXILIAR	PRÓCLISE INFINITIVO	ÉNCLISE INFINITIVO
ACABAR DE	33,33 % (3 exs.)	22,22 % (2 exs.)		44,45 % (4 exs.)
CHEGAR A	21,43 % (3 exs.)	7,14 % (1 ex.)		71,43 % (10 exs.)
DAR EN		80 % (8 exs.)		20 % (2 exs.)
DEBER DE	33,33% (3 exs.)	11,11% (1 exs.)		55,56 % (5 exs.)
EMPEZAR A	20 % (10 exs.)	38 % (19 exs.)		42 % (21 exs.)
HABER DE	50 % (40 exs.)	47,50 % (38 exs.)	1,25 % (1 ex.)	1,25 % (1 ex.)
HABER QUE	2,29 % (8 exs.)	4,58 % (16 exs.)	12,61 % (44 exs.)	80,52 % (281 exs.)
IR A	48,65 % (36 exs.)	33,78 % (25 exs.)		17,57 % (13 exs.)
TER QUE	11,98 % (23 exs.)	17,19 % (33 exs.)	20,31 % (39 exs.)	50,52 % (97 exs.)
VOLVER A	22,22 % (8 exs.)	50 % (18 exs.)		27,78 % (10 exs.)
TOTAL	16,28 % (134 exs.)	19,56 % (161 exs.)	10,21 % (84 exs.)	53,95 % (444 exs.)
	35,84 % (295 exc.)		64,16 % (528 exs.)	

Pódese afirmar que tódalas perífrases verbais aceptan estas catro posibilidades, se ben con importantes diferencias de preferencias entre unhas e outras, tal como vimos que acontece nas restantes formas perifrásticas. No cadro anterior dámo-las frecuencias sobre os exemplos do noso corpus —cremos que moi ilustrativas das tendencias dos falantes actuais, que na maior parte dos casos refugan a próclise ó infinitivo—, deixando constancia ben explícita de que a inexistencia de exemplos nalgunha das columnas non significa que esa posición non sexa tamén aceptable.

Dado que a maior parte das formas perifrásticas consideradas ocorren con pouca frecuencia no noso corpus<sup>10</sup>, para non desvirtuármolos datos, separámolas nestoutro cadro, onde só se indica o número de ocorrencias. Coma en anteriores ocasións, non foron tidos en conta os exemplos que presentan distanciadas as dúas formas verbais:

	PRÓCLISE AUXILIAR	ÉNCLISE AUXILIAR	PRÓCLISE INFINITIVO	ÉNCLISE INFINITIVO
ACABAR A				1
ACABAR POR				1
ACOSTUMAR A				4
ANDAR A	2	2		1
COMEZAR A				1
DEIXAR DE	2	2		
ELIMINAR DE		1		
ESTAR A	2	2	2	1
ESTAR PARA				1
HABER A		1		2
PARAR DE	1			1
PODER DE			1	
PRINCIPIAR A		1		1
TERMINAR DE				3
TERMINAR POR				1
TER DE	1			

<sup>10</sup> Algunhas delas teñen carácter dialectal: *que m'andan pasando todos polo prau ía non acabé a cerrálo* (Fernández: 262), *a egua tamén oubó a lebal' o demo* (Santamarina: 317), *quando s'estaba a erfollar aparecían as espihas reinas* (Pousa: 205), *entonses xa me andabas a carrexar leña* (Ribeira-CO). Outras son formacións que non chegaron a estenderse: *a xente tamén, liminouse de saír por causa de que había un tráfico mu grande de coches* (Lubián-ZA), *ben podía de ma dar* (Lorenzo: 115); ou que están xa practicamente desaparecidas: *si as tes de aborrecer eu tamén* (Cerceda-CO).

Á vista dos dous cadros, a primeira evidencia é que o pronome prefire situarse onda o infinitivo cunha frecuencia moito maior ca nas construcións examinadas ata agora, chegando incluso a supera-la posición historicamente normal<sup>11</sup>. Destacan neste sentido as dúas perífrases co nexo *que: haber que*, cun comportamento oposto ó de *haber de*, que a leva a converte-la énclice ó constructor na posición normal, e *ter que*; nótese, ademais, que a práctica totalidade dos datos de próclise ó constructor son achegados por estas dúas perífrases. Cando o nexo é unha preposición advírtese que o pronome se sitúa de preferencia onda o auxiliar nas construcións máis indiscutiblemente perifrásticas e nas que non gardan similitude formal con outras bioracionais. *Deber de, volver a* e *ir a* presentan o pronome enclítico con notable maior frecuencia cás perífrases sen nexo en que se integran os mesmos verbos (§§ 3.1. e 4.1.), mantendo entre si as mesmas diferencias proporcionais que se estableceron naquela; a porcentaxe de énclice ó infinitivo de *ir a* é semellante á de *ir* en construcións non perifrásticas (§ 3.2.).

Apréciase ademais que a posición menos frecuente é a próclise ó infinitivo, o que tamén está en consonancia coa gramática da lingua antiga. No refugamento desta posición parecen ser determinantes o tipo e forma do nexo, pois é significativa a escasez de rexistros tralas preposicións, especialmente tras *a*; e, en congruencia con § 1.2., evítase a secuencia *a* + vocal inicial do pronome: *estaba a me deitar* (Avión-OU), *e despois hai que ir tamén á leñiña, que está a se acabar* (Soutomaior-PO), *\*estabamos a a acabar, \*andaban a o dicir*. Tamén hai preferencias dialectais, pois aínda que as catro posicións se poden documentar en calquera punto da nosa xeografía, o certo é que na franxa máis oriental son excepción exemplos coma *cando hai neve hailles que levar algo de comer* (Taramundi; Babarro: 424) ou *e había que lle dar algo, ¡eh!* (Santiso de Abres; Babarro: 427) e *ai qu' o balar* (Roux: 115), que non corresponden a énclice ó infinitivo (cfr. § 3.1.); e hai maior concentración de exemplos con próclise ó infinitivo na metade sur de Galicia (cfr. § 1.2.).

Coma noutras construcións vistas anteriormente, o distanciamento dos dous membros favorece a énclice: *e despois hai que, dendes que se pon nun sarillo, quitalo* (Friol-LU), *había que, con ferramentas, arrancalo* (Pobra de Brollón-LU), *tiña que, a cada momento, sacudilo* (Gondomar-PO).

Son caso á parte as perífrases formadas con *poñerse a, botarse a, meterse a...*, porque nelas o pronome reflexivo debe acompañar sempre o auxiliar: *se me poño a contar...* (Quiroga: 328), *pois a botarse a chorar* (Carballada de Avia-OU), *i o xastre tamén se meteu a báilare* (Roux: 75). O problema de posición xorde ó tentar establecer en qué medida os pronomes complemento da perífrase se poden agregar a esoutro pronome<sup>12</sup>, pois o acusativo

<sup>11</sup> Xa na lingua antiga o pronome ía onda o infinitivo máis frecuentemente nestas perífrases ca nas do tipo verbo + forma nominal, pero non cos niveis actuais (Álvarez 1996b); o galego, así a todo, non chegou a coloca-lo pronome onda o infinitivo coa constancia do portugués (Álvarez 1996a).

<sup>12</sup> Téñase en conta, ademais, que tras *púxose a facelo* hai dúas construcións distintas: unha perifrástica ('comezou a facelo') e outra con dous predicados ('dedicouse a facer iso, afanouse en facer iso, inverteuse nesa actividade'). Nesta análise só atendemos á primeira.

P3 nunca acepta situarse onda o reflexivo; daquela a única opción válida é distancialos, deixando o reflexivo co auxiliar e o acusativo co auxiliado —enclítico para evita-las secuencias *a o, a a—*: *e non sei se nos puñeramos a mallalo* (Roux: 28), *e púxenme a desfacelo* (O Barco-OU), *e púxose a confesalo* (Lugo-LU), *púxose a faguelo* (Ramirás-OU). A separación é tamén obrigada para evita-la secuencia de pronomes idénticos: *púñanse os portuheses eses cas dúas mulleres aquialas que xa iaran biellotas a rirse* (Pousa: 210). Esta parece ser tamén a norma nos restantes casos, tanto se hai contigüidade entre as dúas partes da perífrase coma se non: *e púxose a caparme* (Roux: 80), *púñanse ar do partido de Ordóñez a cantarlle cantilhas ás de Balladares* (Pousa: 207), *púxose a María nova a facerllo* (Baleira-LU). Tamén debe ser tratada á parte a perífrase *dar(se) a un por*, xa que os pronomes reflexivo e dativo só poden acompañar a *dar*: *nin se me dou por mira-lo reló* (Cambados-PO), *déuselle por non andar* (Vilar de Barrio-OU), *pero deume por subir por alí* (Gondomar-PO); o pronome complemento da perífrase prefere, daquela, situarse onda o infinitivo: *o que pasa que naide lle dá por sembralos* (Chandrexa de Queixa-OU).

A separación entre as dúas formas verbais pode induci-la separación dos pronomes, sobre todo nos casos en que é posible delimitarmos dous predicados distintos: *empézanlle as luces todo outra vez a acompañalo* (Gondomar-PO), *cando morreron empezábase xa a cobralo, que foi no ano cuarenta e tantos* (Arnoia-OU). Dialectalmente, no recanto nororiental a que xa nos temos referido, é posible a separación dos pronomes, sobre todo nas perífrases con *que*, facendo que un pronome siga ó infinitivo e outro ó verbo auxiliar: *teslle que mercalo* (A Fonsagrada-LU), *heille a facelo* (A Fonsagrada-LU).

Se o verbo auxiliar está en infinitivo é de aplicación todo o descrito ata agora para as perífrases deste tipo e para as oracións de infinitivo en §§ 1.1., 1.2. e 1.3.: *e bolbela a atolar e queimala* (Graña: 144), *è despois ter qui-o sachar e recollelo* (Graña: 131), *¡Inda bolber a xuntarme coela!* (Santamarina: 315); *pa volvelos a coller* (Ferreira de Valadouro-LU), *para os volver a coller; non telos que coller, non os ter que coller*. Se o auxiliar está en xerundio, as regras de posición resultan de limita-lo dito para estas perífrases co descrito en § 2 para as oracións de xerundio: *aínda téndollo que facer, aínda tendo que facerllo; non llo tendo que facer, non tendo que facerllo, non téndollo que facer*.

## 5.2. Construcións non perifrásticas

Partindo de que o pronome debería situarse onda o infinitivo, núcleo do seu predicado, son esperables as dúas posicións descritas en § 1.2. para oracións de infinitivo relacionadas cunha preposición: a enclítica, moito máis abundante consonte o que se veu dicindo, e a proclítica. Agora ben, nalgunhas construcións o pronome que complementa o infinitivo pode acompañalo verbo principal, de xeito semellante ós casos estudados en § 3.2. Pode ocorrer isto, alomenos, cos verbos seguintes:

AXUDAR A	xuntar os homes pa que o axuden a agarrar (Celanova-OU, ‘a agarra-lo porco’).
CHEGAR A	eu cando chego á casa xa me chego a queixar dos riñóns (Porto do Son-CO).
IR A	E a miña comadre, que lle vaia a bautiza-lo fillo (Poncelas: 108).

LEVAR A	¿E ti nunca lle lebache a mira-la dentadura...? (Graña: 108).
QUEDAR DE	con que ó cabo de dous anos quedáronse de xuntar no muelle (Triacastela-LU).
VIR A	e non o venden nin a vein a buscar (Lubián-ZA). pero vinte a visitar unha vez (Cedeira-CO).

Co máis frecuente deles, *ir a*, o pronome opta por se situar onda o auxiliar no 56,25 % das ocorrencias en que hai contigüidade entre os dous verbos; nas mesmas condicións, o pronome acompaña a *vir* no 66,67 % dos casos e ó infinitivo nos restantes. O distanciamento entre os dous verbos favorece sempre a énclice ó infinitivo.

En ocasións, a pesar da dobre complementación, pode aparecer expreso un só pronome onda o verbo principal evitando así a copresencia de dous pronomes idénticos (§ 3.2.): *cuando o home se dispoñía a marchar* (Poncelas: 152)<sup>13</sup>, *lévanas pra criar pra outro sitio* (Babarro: 424; ‘lévanas para crias’, non ‘lévanas para que críen’), *o cabalo lévamo meu pai a vender á Pascua* (Rianxo-CO).

## 6. POSICIÓN DO PRONOME EN COMBINACIÓNS DE CONSTRUCIÓNS VERBAIS

Cando se suman dúas ou máis construcións verbais aumenta o número de lugares posibles onde situa-lo pronome átono. Esa maior liberdade está suxeita ó compendio das regras que rexen tódalas posicións descritas ata agora:

a) O pronome sempre se pode situar enclítico ó infinitivo ou xerundio do verbo que provoca a súa presenza: *prepárate que ha vir un meu compañeiro verte* (Taboada: 198), *vamos ter que sacalo na televisión* (Tui-PO), *había qu’ir collelo a Cedeira* (Ríos: 230), *e dispois hai que empezar a descargala* (A Guarda-PO). Se o infinitivo ou a súa oración están unidos cun nexo, o pronome pódese situar proclítico, posición sempre menos usada cá énclice: *ein ter que te tirar ó mar* (Roux: 128), *i-an bir a se presenta-los deudores* (Roux: 46), *ten que o bolber facer* (Roux: 74).

b) A énclice ó verbo constructor é a derradeira posición á dereita, pois nunca se pode desprazar cara ós seguintes que aparezan na oración: *pois temos que lle facer ver que a i-es* (Castro de Rei-LU), nunca *\*temos que facer verlle*; *tubo que deixalo quedar* (Roux: 38), nunca *\*tuvo que deixar quedalo*.

c) O pronome pódese desprazar á esquerda sempre que os sucesivos verbos que ocupan esa posición sexan auxiliares ou formen parte dos grupos que admiten onda si os pronomes complemento do infinitivo e xerundio (§§ 3.2., 4.2. e 5.2.). Por iso, ademais de *non querían deixarnos ir* e *ha mandarche ir facer un viñado*, son correctas *non nos querían deixar ir* (Guitiriz-LU) e *ache mandar ir facer un biñado* (Roux: 130); e, retomando os exemplos do parágrafo precedente, son correctas *tívoo que deixar quedar* e mais *témoslle que facer ver que a es*. A posibilidade de desprazamento á esquerda queda interrompida se nese camiño

<sup>13</sup> En galego existen *marchar* e *marcharse*, con diferencias de significado non sempre doadas de describir. No caso que nos ocupa cremos que se trata de *marcharse*.

atopa algún verbo que non sexa do grupo que acepta os pronomes do infinitivo e xerundio onda si: *que tiña que mirar de se zafar* (A Pobra do Caramiñal-CO), non admite nin *\*mirarse de zafar*, nin *\*que se mirar de zafar*, nin *\*que se tiña que mirar de zafar*; e *¡ai, tamén agora non ha tardar en habelos por aquí!* (Coristanco-CO) non acepta nin *\*ha tardalos en haber*, nin *\*haos tardar en haber*.

Con todo e sendo válidas varias posicións, a lingua prefere situa-lo pronome onda os verbos auxiliares ou asimilados, en consonancia cos comportamentos xerais e particulares descritos nas construcións estudadas nos apartados anteriores: ben onda o primeiro á súa esquerda, coma en *cando foi que o don Francisco quería irlle rouba-lo Carril de xa ó señor abade* (Goián: 224), *xa' staba pra marcharte buscar* (Roux: 129), *tuveron que ilo buscar a un monte* (Ferreira de Valadouro-LU), *e logo hai que volvelo a quitar* (A Laracha-CO), *¿e despois que se tuvo que pór a traballar a nai, non?* (Vilar de Santos-OU), *débeste ir a traballar* (Ribeira-CO), etc.; ben onda o seguinte á esquerda, coma en *por mor das catro palliñas, si llas queren vir segar* (A Mezquita-OU), *porque si non ímoste mandar prender* (Ames-CO), *ás doce da noite áchese dar en abrir sepulturas* (Roux: 83), *que vos hei de ir pasar eu astra aí* (Coristanco-CO), *que me había de volver a coller* (Noia-CO), etc.

## 7. CONCLUSIÓN

Nas oracións de infinitivo e xerundio a posición normal é a énclice. Obsérvase isto tamén, como proceso a punto de concluír ou como tendencia moi marcada, en contextos en que a lingua antiga optaba pola próclise: oracións de infinitivo ou xerundio con predicado negativo, oracións de infinitivo ou xerundio integradas por medio dun nexo (preposición, relativo ou a conxunción completiva *se* coas oracións de infinitivo; *en* coas de xerundio) e introducidas por un pronome interrogativo-exclamativo. O único esquema en que segue sendo lixeiramente maioritaria a próclise, aínda que non cos niveis antigos, é aquel en que se combinan a presenza dunha preposición e o carácter negativo do predicado: *por non lle dicir nada*.

No esquema preposición + infinitivo as proporcións practicamente se inverteron, pois a énclice pasou de ser excepcional na lingua antiga a ocorrer no 85,97 % dos casos. A próclise, aínda que posible con calquera preposición, rexístrase con máis frecuencia con unhas ca con outras, como se detalla no apartado correspondente; as restricións detectadas son debidas á inconveniencia de combinar determinadas preposicións con determinados pronomes, como *\*a o*, *\*ao o*, etc. Tocante ós outros contextos, no estado actual da lingua non nos parece posible enunciar unha regra universalmente válida para tódolos relativos e tódalas oracións de relativo e comparativas.

Dentro das construcións perifrásticas, as que responden ós tipos verbo + infinitivo e verbo + xerundio coinciden basicamente nas opcións de posición que ofrecen e na frecuencia con que no galego actual se opta por unha ou outra. Comparándoas coas da lingua antiga, apréciase un considerable desprazamento do pronome cara á esfera do verbo constructor —no noso corpus, aproximadamente, unha de cada seis ocorrencias é de énclice

a este—, tanto se está en infinitivo coma se está en xerundio. A gramática do galego moderno afástase neste punto da do portugués, que presenta índices moito máis altos nas perífrases verbo + infinitivo e non acepta doadamente a énclice ó xerundio. Non hai ningunha restricción á hora de exercer-la opción de situa-lo pronome onda o auxiliar ou onda o auxiliado con ningunha das perífrases estudadas, pero dentro de cada bloque de perífrases aprécianse importantes diferencias porcentuais ó facer esta escolla, como quedou sinalado nos apartados correspondentes.

Nas perífrases do tipo verbo + nexo + infinitivo amplíanse as posibilidades de posición do pronome, pois ademais sempre se pode situar entre o nexo e o infinitivo. O proceso de desprazamento cara ó verbo constructor, que xa se iniciara na lingua antiga, está moito máis adiantado, pois dáse en dous tercios dos casos; das dúas posicións posibles xunto ó infinitivo, o galego moderno prefire claramente a énclice (só un de cada seis dos pronomes que acompañan o constructor opta pola próclise). Dentro deste grupo de perífrases obsérvanse diferencias de comportamento extremas, que van desde o 2,5% das ocorrencias onda o auxiliado con *haber de* ó 93,13% con *haber que*. As perífrases con nexo *que* distáncianse das demais non só pola frecuencia con que optan por situa-lo pronome onda o auxiliado, senón por seren practicamente as únicas que practican a próclise ó infinitivo, e facéreno con frecuencia considerable. Entre as perífrases con nexo prepositivo hai diferencias, en parte semellantes ás establecidas entre as perífrases verbo + infinitivo e verbo + xerundio en que participan os mesmos verbos; pero, sobre todo, entre as construcións indubitablemente perifrásticas, que prefiren o pronome onda o auxiliar, e as que gardan similitude ou coincidencia formal con construcións bioracionais, que presentan con frecuencia moito maior o pronome onda o infinitivo.

Hai outras construcións con verbos auxiliares non perifrásticos de distintas clases ou con verbos asimilados a estes por diferentes razóns que, a efectos da posición do pronome, se comportan coma se formasen parte dunha perífrase e admiten onda si o complemento do infinitivo e do xerundio. A descrición é basicamente coincidente coa das perífrases correspondentes, se ben mostran maior preferencia pola énclice á forma nominal.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso, D. (1972): “Narraciones orales gallego-asturianas. San Martín de Oscos”, in *Obras Completas. I. Estudios Lingüísticos Peninsulares*. Madrid: Gredos, 495-521.
- Álvarez Blanco, R. (1980): *O pronome persoal galego*. 2 vols. Tese de Doutoramento. Univ. de Santiago de Compostela.
- Álvarez, R. (1994): «Secuencias de pronomes átonos en galego moderno», in *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas, Santiago de Compostela, 1989* [Ramón Lorenzo, ed.], VI, 247-265.
- Álvarez, R. (1996a): “Gramática contrastiva do portugués e o galego: a posición do pronome átono en oracións de infinitivo e xerundio”, in *Actas do I Congreso Internacional*.

*A lingua galega: historia e actualidade* (Santiago de Compostela, setembro de 1996) (en prensa).

Álvarez, R. (1996b): “A posición do pronome en construcións de infinitivo e xerundio en galego antigo”, in *Actas do XII Encontro Nacional da Associaç(ão Portuguesa de Linguística* (Braga/Guimara(es, 30 setembro a 2 de Outubro, 1996) (en prensa).

Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática Galega*. Vigo: Galaxia, 1995<sup>6</sup>.

Babarro González, X. (1993): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Tese de Doutoramento, Univ. de Santiago de Compostela.

Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M<sup>a</sup> dos A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da língua*. Oleiros: Vía Láctea.

Dubert García, F. (1993): *Aproximación á fala da comarca compostelá: fonética, fonoloxía e morfosintaxe*. Tese de Licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela.

Fernández González, J. T. (1978): *Etnografía del Valle de Ancares*. Anexo 10 de *Verba*. Santiago de Compostela.

Graña Núñez, X. (1983): *Contribución ó estudio da dialectoloxía galega: Begonte (Lugo)*. Tese de Licenciatura. Univ. de Santiago de Compostela.

Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Vigo: ILG-RAG. Reed. revisada, 1995<sup>12</sup>.

Lorenzo Fernández, X. (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa*. Vigo: Galaxia.

Muñiz, C. (1976): *El habla del Valledor. Estudio descriptivo del gallego asturiano de Allande (Asturias-España)*. Amsterdam: Akademische Pers.

Pérez Ballesteros, J. (1979): *Cancionero popular gallego*. 3t. Madrid: Ed. Akal.

Poncelas Abella, A. (1987): *Estorias e contos dos Ancares / Historias y cuentos de los Ancares (bilingüe)*, Ponferrada.

Pousa Ortega, H. (1987): *A fala de Goián. Estudio descriptivo*. Tese de Licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela.

Quiroga Díaz, X. C. (1986): *Toponimia e caracterización lingüística da parroquia de Vilasante*. Tese de Licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela.

Ríos Panisse, M<sup>a</sup> C. (1974): “Vida mariñeira de Sada. Contribución pra un estudio lingüístico”, in *Verba*, 1, 181-232.

Roux, M. (1982): *Fala o fistor e faise o día. Algúns aspectos da tradición oral galega na parroquia do Cebreiro: Sada-A Coruña: Castro*.

Sánchez Rodríguez, H. (1984): *A fala da parroquia de Seteventos*. 2 vols. Tese de Licenciatura, Univ. de Santiago de Compostela.

Santamarina, A. (1975): “Testos e noticia da fala de Negueira (Lugo)”, in *Verba*, 2, 307-323.

Schubarth, D. / Santamarina, A. (1983): *Cántigas populares*. Vigo: Galaxia.

Taboada Cid, M. (1979): *El habla del Valle de Verín*. Anexo 15 de *Verba*. Santiago de Compostela.